

23 de xuño

26 de xullo




verán 2024



Deputación
DA CORUÑA

Compromiso
co deporte

CAMPAMENTOS DEPORTIVOS



Amplo programa de actividades deportivas e culturais

Deportes náuticos, actividades ao aire libre, xornada de praia, actividades no centro, visitas culturais, deportivas e etnográficas

Realizaranse actividades e xogos que teñan elementos que fomenten a comunicación, o intercambio de experiencias, a convivencia e o respecto polos demais.

Visita a centros de interese cultural da provincia da Coruña.

SEDE CAMPAMENTO

IES Rosalía Mera
Rúa Archer Milton Huntington, 24
(A Coruña).

ENTRADA - SAÍDA

- O domingo pola tarde entre as 18.00 horas e as 19.30 horas no centro Rosalía Mera.
- O venres seguinte, entre as 16.00 horas e as 17.00 horas.

MATERIAL

O material propio das actividades deportivas será proporcionado pola organización a cada participante durante a celebración do campamento.

INCLÚE

Transporte interno, estadia e manutención en residencia, e todo gasto que ocasionen as actividades programadas.

MATERIAL OBRIGATORIO

Saco de durmir.

COTA DE INSCRIPCIÓN

85 € (oitenta e cinco euros), que se ingresarán, na conta determinada pola Deputación da Coruña, facendo constar "verán", Concello, nome e apelidos da persoa participante.

As cotas ingresadas non se devolverán.

O nº de conta será publicado na web da Deputación da Coruña.

DOCUMENTACIÓN

Para a formalización a inscrición, debes entregar no teu

Concello:

1. Ficha de inscrición debidamente cuberta e asinada
2. Fotocopia do carnet de identidade ou libro de familia e tarxeta sanitaria
3. Copia do aboamento da cota de inscrición (cando a praza estea confirmada e no número de conta dado pola Deputación e publicado na súa web)
4. No caso de tratamento ou doenza achegar informe médico no que se indique cuestións relativas a tratamentos médicos periódicos, alerxias, intolerancias e/ou outras consideracións de saúde a ter en conta.

EQUIPO RECOMENDADO

- Roupa de rúa
- Roupa para práctica deportiva
- Equipamento deportivo (chandas para a ducha, traxe de baño, útiles de praia e piscina)
- Toallas de ase
- Útiles de ase (xabón, peite, cepillo e pasta de dentes, colonia e/ou desodorizante)
- Lanterna
- Gafas para o sol
- Crema protectora para o sol, factor alto
- Chuvasqueiro
- Mochila pequena

INSCRIPCIÓN

No teu concello de empadrouamento antes do 28 de maio de 2024.

Terá preferencia a rapazada que non participasen nos campamentos deportivos da Deputación en edicións anteriores. (Realizárase sorteo, no caso de ser preciso, nos dous días seguintes á finalización do prazo de inscrición).

Remitírase a listaxe por parte dos concellos á Deputación a través da Sede Electrónica.

Concepto: *Campamento deportivo 2024*

Concellos por quenda

1ª QUENDA (do 23 ao 28 de xuño)

Boiro, Brión, Camariñas, Camota, Cee, Corcubión, Dodro, Dumbria, Fisterra, Lousame, Muros, Muxía, Noia, Outes, Padrón, Pobra do Caramiñal (A), Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Vimianzo e Zas.

2ª QUENDA (do 30 de xuño ao 5 de xullo)

Aranga, Bergondo, Cabanas, Capela (A), Coirós, Culleredo, Curtis, Fene, Irixoa, Melide, Miño, Oza-Cesuras, Pademe, Pontedeume, Pontes de García Rodríguez (As), Sada, Santiago de Compostela, Vilarmaior e Vilasantar.

3ª QUENDA (do 7 ao 12 de xullo)

Abegondo, Ames, Arzúa, Baña (A), Boirmorto, Boqueixón, Cerceda, Frades, Mesía, Negreira, Ordes, Oroso, Pino (O), Rois, Santiso, Sobrado, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra.

4ª QUENDA (do 14 ao 19 de xullo)

Arteixo, Betanzos, Cabana de Bergantiños, Cambre, Carballo, Carral, Coristanco, Laracha (A), Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Mugardos, Oleiros, Ponteceso e Santa Comba.

5ª QUENDA (do 21 ao 26 de xullo)

Ares, Cariño, Cedeira, Cerdido, Coruña (A), Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Narón, Neda, Ortigueira, San Sadurniño, Somozas (As) e Valdoviño.

PRAZO LÍMITE DE INSCRIPCIÓN: 28 de maio



IES ROSALÍA MERA

(Rúa Archer Milton Huntington, 24. A Coruña)



Rapazada de entre 9 e 14 anos xa cumpridos

(Nacemento entre o 1 de xaneiro de 2010 e o 31 de decembro de 2015)



Inscripcións no teu concello de empadroxamento

da provincia da Coruña



INFORMACIÓN:

Deputación
DA CORUÑA

Deportes da Deputación da Coruña
www.dacoruna.gal/deportes/campamentos-deportivos

Ficha de inscrición

Concello

Datos participante

Apelidos

Nome

Data de nacemento

Sabe nadar?

Moito

Pouco

Nada

Datos representante legal

D/Da.

DNI

Tel.

Tel. contacto 2

No caso de urxencia

Avisar a

Tel.

Email

1º. Autorizo a asistencia do/a menor.

2º. Declaro que non padece ningunha doenza que lle impida participar no campamento deportivo.

3º. Autorizo a toma e uso de imaxes para a reportaxe fotográfica e de vídeo coa finalidade de difundir a actividade pola Deputación da Coruña, e a constitución dun banco de imaxes con acceso limitado aos representantes legais.

Si Non

4º. En caso de ser maior de 14 anos, autorizo a toma e uso de imaxes para a reportaxe fotográfica e de vídeo coa finalidade de difundir a actividade pola Deputación da Coruña, e a constitución dun banco de imaxes con acceso limitado.

Si Non

A non autorización será tida en conta para os efectos de evitar no posible recopilar imaxes do menor. En todo caso, sendo tomada a dita imaxe a través de fotografía, vídeo ou calquera outro medio de captación procederase a distorsionar os seus trazos diferenciadores, sobre todo cando na foto concorra a súa imaxe coa doutros compañeiros cuxos pais si autorizasen, nos termos aquí previstos, o uso, tratamento e cesión da súa imaxe.

5º. Declaro que na condición de representante legal, solicito o consentimento e a autorización das outras persoas representantes legais.

En _____, a _____ de _____ de 2024

A inscrición debe estar asinada pola persoa representante legal.

Os datos serán tratados pola Deputación da Coruña con enderezo en Avenida Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña, para xestionar a solicitude e o desenvolvemento da actividade. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais é o consentimento explícito que o asinante outorga á Deputación Provincial coa súa sinatura e o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. Os datos serán tratados pola empresa adxudicataria da prestación dos servizos de organización, coordinación e realización do campamento deportivo da Deputación Provincial da Coruña, ao través do encargado do tratamento.

Os datos poderían ser comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obrigaion legal. Así mesmo, poderían ser comunicados aos servizos sanitarios e á empresa aseguradora no caso de que o menor sufrira algún accidente. A Deputación conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Se consideran que o presente tratamento incumpre o establecido no RXPD, poden presentar unha reclamación ante a AEPD. Para calquera outra dúbida relacionada coa protección de datos, as persoas interesadas poden dirixir un correo á delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal